

IES Rafael Dieste

INFORMACIÓN PARA O ALUMNADO DE 1º E.S.O.
CURSO 2023-24

Dep de Orientación: orientacionrafaeldieste@gmail.com

| CRITERIOS DE PROMOCIÓN NA ESO | |
|---|--|
| PROMOCIONARASE DE CURSO | <p>Cando se superen todas as materias cursadas, ou se obteña cualificación negativa nunha ou dúas. As materias non superadas levaríanse pendentas para 2º curso de ESO.</p> |
| PROMOCIONARASE DE CURSO DE FORMA EXCEPCIONAL | <p>No caso de ter máis de dúas materias suspensas, o equipo docente PODERÁ DECIDIR A PROMOCIÓN DE FORMA EXCEPCIONAL sempre que se cumbran todas as condicións seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none">a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias sexa igual ou superior a 5.b) Que a suma dos períodos lectivos semanais das materias suspensas non sexa superior a 10 (non se considerarán as horas de libre disposición: Matemáticas contará 4h. e L.Galega 3h).c) Que o equipo docente considere que as materias non superadas lle permitan seguir con éxito o curso seguinte.d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica. <p>As materias que non foron superadas levaríanse pendentas para 2º de ESO.</p> |
| REPETIRASE CURSO | <p>Cando se teñan 3 ou máis materias suspensas e non se cumbran os criterios de promoción excepcional.</p> |

MATERIAS 2º DE ESO

- FÍSICA E QUÍMICA
- XEOGRAFÍA E HISTORIA
- EDUCACIÓN FÍSICA (Inglés)
 - INGLÉS
 - LINGUA CASTELÁ
 - LINGUA GALEGA
 - MATEMÁTICAS
 - MÚSICA (Inglés)
 - FRANCÉS (*)
- TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN

- *Escoller UNHA materia entre:*

- RELIXIÓN CATÓLICA
- RELIXIÓN EVANXÉLICA
- PROXECTO COMPETENCIAL (**)

(*) O alumnado que esté Exento de Francés recibirá reforzo nas áreas lingüísticas.

(**) A materia de PROXECTO COMPETENCIAL pretende o desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos e da resolución colaborativa de problemas: deseño dun plan de traballo, execución deste plan para resolver os problemas planificados e presentación do proxecto realizado.